

AUTORIZACIÓN PARA O TRATAMENTO DE IMAXES DO ALUMNADO

Nome e apelidos do alumno/a: _____

Idade do alumno/a: _____ NIF do alumno/a maior de catorce anos : _____

Nome e apelidos da nai, pai ou titor/a¹: _____

NIF do pai, nai ou titor/a: _____

Autorizo ao CIFP VALENTIN PAZ ANDRADE dependente da Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional e de acordo coas condicións e termos indicados a continuación a realizar a captación e difusión de imaxes, fotografías, vídeos, vídeos con voz, material gráfico, etc. (en diante, as imaxes) do alumno/a coa finalidade de promover as actividades e eventos festivos, conmemorativos, deportivos ou culturais, organizados polo centro docente e realizados tanto dentro como fóra deste.

A publicación das imaxes poderase realizar a través das seguintes canles ou medios de difusión da actividade do centro e da Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional (sinale cun X se autoriza ou non):

Páxina web do centro: < https://www.edu.xunta.gal/centros/cifppazandrade/ >	Si [☐]	NON [☐]
Redes sociais: X..... < https://twitter.com/CIFP_PazAndrade >	Si [☐]	NON [☐]
Facebook..... < https://m.facebook.com/cifp.paz.andrade >	Si [☐]	NON [☐]
Instagram..... < https://www.instagram.com/cifp.paz.andrade/?hl=es >	Si [☐]	NON [☐]
Documentos ou memorias de actividades, revista do centro, trípticos ou carteis ou montaxes multimedia de promoción de actividades.	Si [☐]	NON [☐]
Difusión da imaxe da orla e outras recompilacións de fin de estudos entre as familias do alumnado do seu curso	Si [☐]	NON [☐]

A presente autorización entenderase feita a título gratuito e as imaxes serán conservadas durante o tempo necesario para a consecución das finalidades indicadas ou no seu caso, en tanto as persoas interesadas non retiren o consentimento outorgado.

Información básica sobre protección de datos persoais	
Responsable do tratamento	Xunta de Galicia / Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional.
Finalidades do tratamento	Difusión e promoción das actividades indicadas organizadas polo centro CIFP VALENTIN PAZ ANDRADE
Lexitimación para o tratamento	Consentimento outorgado polo/a interesado/a.
Destinatarios dos datos	As imaxes poderán ser publicadas, coa mesma finalidade, a través dos medios detallados anteriormente.
Exercicio dos dereitos	As persoas interesadas poderán solicitar ante o responsable do tratamento o acceso, rectificación, oposición, limitación, portabilidade e supresión dos seus datos, así como retirar o consentimento outorgado, a través da sede electrónica da Xunta de Galicia ou nos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común, segundo se recolle en https://www.xunta.gal/exercicio-de-dereitos . Tamén poderán retirar o consentimento outorgado presentando a súa solicitude no propio centro docente. No caso de menores que teñan cumpridos 14 anos ou máis, poderán exercer estes dereitos por si mesmos.
Contacto delegado/a protección de datos e información adicional	https://www.xunta.gal/informacion-xeral-proteccion-datos

VIGO, a _____ de _____ de 20__

Asdo.: O/A alumno/a

(só no caso de que teña cumpridos catorce anos)

Asdo.: Nai, pai, ou titor/a

(se o/a menor non ten cumpridos os catorce anos)

¹ A autorización outorgada por un dos proxenitores entenderase prestada co consentimento expreso do outro, conforme aos usos sociais e as circunstancias nas que se recolle.